



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se aceptan diversas doazóns de obras artísticas feitas a favor da Comunidade Autónoma de Galicia por Alberto Bruschi, José Ramón de la Bodega Iglesias, María del Pilar Rodríguez Mariño, Manuel Fraga Iribarne e María del Villar Mateo de Aranaza.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se establece a composición do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

A C O R D O S

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo para a realización de obras de infraestrutura viaria no termo municipal de Lugo.

I N F O R M E S

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe das conclusións do VII Cumio Galicia-Asturias

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e



investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundación, sociedade ou entidade dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica que adopten.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe sobre os parques eólicos nos espazos naturais protexidos

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe sobre obxectivos xerais e contidos das Mesas de Diálogo Social. Normas procedementais acordadas.



O CONSELLO DA XUNTA ACEPTA A DOAZÓN DE DIVERSAS OBRAS ARTÍSTICAS EN FAVOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- *Os bens doados formarán parte das coleccións do Museo de Belas Artes da Coruña e do Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela*

O Consello da Xunta vén de aprobar a doazón de cinco cadros, dúas pezas de louza e dous gravados en favor da Comunidade Autónoma galega. Estas obras de arte son propiedade de Manuel Fraga Iribarne, Alberto Bruschi, José Ramón de la Bodega Iglesias, María Pilar Rodríguez Mariño, e María del Villar Mateo de Arenaza.

As obras doadas por Manuel Fraga Iribarne son unha acuarela de Segundo Hevia Ramos, titulada “Panorámica de San Francisco”, un gravado de Javier Aranguren titulado “Citicorp Center N.Y.”, e outro gravado de Tomaya Uchida titulado “Nest21”.

A obra achegada por Alberto Bruschi é un óleo sobre tea anónimo e pertencente á Escola Florentina, baixo o título de “Retrato de Cosme III de Médici”. A obra doada por José Ramón de la Bodega Iglesias é unha acuarela sen título do pintor Manuel Torres. Unha das pinturas doadas por María del Villar Mateo de Arenaza é un óleo da súa autoría, co título “Daturas de Iñás”, e a outra é un cadro atribuído a Julia Minguillón, titulado “Señora de Pavón”. Por último, María Pilar Rodríguez Mariño dálle á Comunidade dúas pratas de louza de William Ridgway.

Estas obras artísticas integraranse na colección permanente do Museo de Belas Artes da Coruña. O cadro “Retrato de Cosme III de Medici”, pola súa parte, pasará a incluírse na colección permanente do Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS NA URBANIZACIÓN DE TRES RÚAS EN LUGO

▪ *O Concello dispón xa da totalidade dos terreos para acometer as obras*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a Consellería de Vivenda e Solo, e o Concello de Lugo, para acometer obras de urbanización nas rúas Avenida Duquesa de Lugo-Río Narla, Avenida Duquesa de Lugo. Ponte Romai a Ponte Paradai e Rúa Alta a Ponte Paradai.

A CPTOPT investirá algo máis de 7 millóns de euros nestas tres rúas, repartidos en anualidades idénticas entre este ano e o vindeiro 2008.

Pola súa banda, unha vez executadas as obras, o Concello de Lugo asumirá a explotación, mantemento e conservación das ditas rúas.

Non obstante, na actualidade o Concello dispón da totalidade dos terreos necesarios para acometer as respectivas urbanizacións.

Así mesmo, a Consellería de Vivenda e Solo, a través do IGVS, asumirá o compromiso de realoxo das persoas cuxas vivendas resulten afectadas polas obras. A Consellería recibirá unha compensación en terreos equivalente ao orzamento investido no realoxo. Os terreos deberán ser cedidos polo Concello de Lugo.

Estas actuacións favorecerán a expansión e o crecemento urbanístico do Barrio lugués das Gándaras, onde existe unha importante demanda social para que se dote da infraestruturas precisadas de xeito que se garanta a integración do barrio na cidade.



ESTABLÉCESE A COMPOSICIÓN DO CONSELLO ASESOR DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Innovación e Industria, a nova composición do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Este órgano, encargado, entre outras funcións, de proporlle obxectivos e programas á Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (CICETGA) para a súa incorporación ao Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, queda composto por 19 membros, un presidente, un secretario e dezasete vogais.

O presidente do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico será proposto polo conselleiro de Innovación e Industria entre investigadores de recoñecido prestixio. Un subdirector xeral da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación exercerá o cargo de secretario do devandito consello, e, canto aos vogais, serán os tres reitores das universidades galegas (ou a persoa en quen deleguen), tres representantes da Administración autonómica (o director xeral de I+D+i, o secretario xeral da Consellería de Innovación e Industria e o director xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia), o delegado do Consello Superior de Investigacións Científicas de Galicia, seis representantes das organizacións empresariais e sindicais e catro representantes de recoñecido prestixio no ámbito da I+D+i propostos pola CICETGA, dos cales dous procederán do ámbito empresarial e dous do académico.



A XUNTA DE GALICIA ASINOU CONVENIOS EN 2005 COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS POR MÁIS DE 37 MILLÓNS DE EUROS

- ***Ao abeiro do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia percibiron da Consellería de Educación 291 millóns de euros o pasado ano***

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou o Goberno galego de que a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia emitiu, ao longo de todo o ano 2005, un total de 273 informes sobre achegas económicas e infraestruturas das distintas consellerías da Xunta de Galicia ás tres universidades galega e ás fundacións dependentes destes centros de ensino superior. Neste capítulo, as diferentes achegas suman un total de 37.504.480,35 euros.

Estes investimentos foron realizados á marxe do Plan de Financiamento e desta cantidade 29.510.890,61 euros investíronse en 2005 (10.043.586,66 euros ata o mes de xullo e os restantes 19.467.303,95 euros de agosto a decembro).

Como consecuencia dos convenios asinados en 2005 entre o Goberno galego e as tres universidades, téñense xa comprometidas para os vindeiros anos 2006 as cantidades de 5.243.688,89 euros; 2.611.654,25 euros; e 138.246,60 euros, respectivamente.

Os convenios que se asinaron entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia e as tres universidades sumaron un total de 85 destinados á realización de traballos técnicos; 67 para a organización de cursos, másteres e congresos; 3 para subvencionar o financiamento de centros universitarios; 11 para financiar bolsas para alumnos universitarios; 12 para colaborar en programas comunitarios; 92 para financiar iniciativas de I+D; 2 no marco do programa *Emprendedores* da Consellería de Traballo e un entre a Universidade da Coruña e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, sen que teña ningunha asignación económica.

A conselleira de Educación lembrou que en novembro de 2004 se ratificou o actual Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período comprendido entre 2005 e 2010. No marco desta planificación, as tres universidades galegas recibiron en 2005 un total de 291.246.003 euros.



A XUNTA E OS AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS CONSENSÚAN AS MESAS SECTORIAIS DO DIÁLOGO SOCIAL

- ***Crearanse un total de seis mesas sectoriais constituídas por representantes da Administración, da patronal e dos sindicatos máis representativos, agás a mesa de Políticas do Emprego e Servizos Públicos, que será xestionada pola Xunta e os sindicatos***

A Consellería de Traballo presentou ao Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, o informe polo que se establecen as mesas sectoriais e se concretan os obxectivos de cada unha delas, coa finalidade de avanzar no proceso do diálogo social en Galicia. Este novo paso é produto do consenso e do traballo en equipo por parte da Administración, patronal e sindicatos. Este proceso, que botou a andar o pasado 5 de novembro coa sinatura da declaración institucional, veuse reforzado con posteriores reunións e tomas de contacto entre a Xunta e os axentes económicos e sociais implicados no proceso de concertación social, onde se foron establecendo os criterios do procedemento a seguir no proceso negociador que comezará de inmediato e que terá unha vixencia temporal desde o 2007 ata o 2013.

O informe presentado esta mañá recolle a creación de seis mesas de traballo, cinco delas de participación tripartita e unha de carácter bipartito, coa finalidade principal de velar e garantir o cumprimento dos compromisos e obxectivos que no pasado mes de novembro se asumiron na sinatura da declaración institucional.

Unha das mesas sectoriais centrarase nas *Políticas de Emprego, Saúde Laboral e Economía Social*, para que Galicia se equipare aos parámetros da Unión Europea. Deste xeito, traballarase no compromiso de garantir os mesmos niveis de emprego, de calidade e estabilidade, de desemprego, de sinistralidade laboral, de integración laboral da xuventude, de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres galegas e de conciliación da vida familiar e laboral.

Revitalizar a negociación colectiva, as institucións laborais, ao mesmo tempo que se reforza a participación institucional e se desenvolve o marco galego de relacións laborais, será o obxectivo principal da mesa sectorial do *Marco galego de participación institucional e de relacións laborais*.

Outra mesa de traballo estará dedicada ao *Desenvolvemento económico e industrial (I+D+i)*, nela establécense como obxectivos prioritarios garantir o crecemento da economía galega, do seu tecido produtivo e a súa sustentabilidade económica, mellorando a competitividade e a produtividade. Así como traballar no fomento da



sociedade de información, I+D e innovación, e mellorar o sector agrogandeiro, pesqueiro, industrial e de servizos.

Dentro do proceso do Diálogo Social, establécese unha mesa de traballo dedicado ás *Políticas de infraestruturas, cohesión territorial e medioambiente*, co obxectivo de construír e consolidar unha sociedade máis desenvolvida, con emprego estable e seguro, de benestar e de cohesión do propio territorio, e dicir, traballar na consolidación dun proceso de negociación que sitúe Galicia na vangarda do desenvolvemento económico e social, a través da mellora permanente das infraestruturas, da ordenación do territorio, así como da protección e conservación do ambiente.

Unhas das preocupacións dos participantes no proceso de concertación social é consolidar e reforzar o estado de benestar, garantindo que Galicia converxa con España e con Europa, cara a un novo modelo de servizos sociais, para as persoas dependentes, de inclusión social e da sanidade e do ensino. Nese senso, constituirase unha mesa sectorial dedicada á *Cohesión Social e Igualdade*.

A esta relación de mesas sectoriais cómpre engadir unha máis, de carácter bipartito, integrada polas administracións correspondentes e as organizacións sindicais que estará dedicada ás *Políticas de Emprego e Servizo Público*. Os obxectivos desta mesa serán mellorar os servizos públicos dirixidos á cidadanía, profesionalizando os funcionarios públicos dependentes da Xunta, a través do reforzamento dos seus dereitos de participación e negociación colectiva, dignificando as condicións laborais e fomentando a estabilidade laboral, reducindo as altas taxas de temporalidade.

A *Mesa Xeral Institucional*, con representación ao máis alto nivel da Xunta de Galicia e das distintas organizacións empresariais e sindicais que protagonizan o proceso, será a competente para formalizar os acordos resultantes da negociación.